



**Expediente núm.:** 1219/2022

**Actividade:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Asunto:** Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Pereiro de Aguiar (O) para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020

**Obra/servizo subvencionado:** Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ano 2022

## RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

**ASUNTO:** Ampliación convocatoria para a cobertura de efectivos de Brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais para este ano 2022

### Antecedentes

1. De conformidade co expediente de selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, para a cobertura de efectivos de Brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais para este ano 2022, cuxas bases foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local, reunida en sesión extraordinaria, con data 17 xuño de 2022, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 23 de xuño de 2022.
2. O artigo 12 das referidas bases dispón literalmente o seguinte:

*“Ao remate do proceso selectivo, elaborárase unha listaxe de reserva coas persoas que superaron o dito proceso por orde de puntuación, que terá vixencia durante o período da contratación subvencionada pola Consellería do Medio Rural ao abeiro do Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Pereiro de Aguiar (O) para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.*

*As persoas que formen parte desta listaxe poderán ser chamadas por rigoroso orde de puntuación para a cobertura do posto obxecto da convocatoria, polo motivo de renuncia da persoa seleccionada, impedimento para ser contratado e outras circunstancias análogas que se poidan producir (baixas, etc).*

*No suposto de que a este Concello se lle concedera outra/s Brigada/s de prevención e defensa contra incendios forestais para este ano 2022, composta de cinco membros:*

- 1 Xefe de Brigada
- 3 Peóns de Brigada
- 1 Peón - Conducidor con carné de conducir clase B

*A cobertura do persoal de dita/s Brigada/s realizarase co/s aspirante/s que figuren na listaxe de reserva que se estableza ao remate do presente proceso selectivo.*

*Unicamente se procederá a convocar un novo proceso selectivo para a cobertura de efectivos de sucesivas Brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais para este ano 2022 no caso de esgotar a antedita listaxe de reserva.”*





3. Con data de 26 de xullo de 2022 este Concello asinou a modificación do Convenio interadministrativo coa Consellería do Medio Rural para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, polo que se concede unha 2ª Brigada municipal de 5 compoñentes durante un prazo de 3 meses.

Tendo en conta que se esgotou a listaxe de reserva do proceso de selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, para a cobertura de efectivos de Brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais para este ano 2022, nas categorías profesionais de peón de Brigada e xefe de brigada

### **RESOLVO**

**Primeiro.-** Aprobar a ampliación da convocatoria para a cobertura de efectivos de Brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais para este ano 2022, nas seguintes categorías profesionais:

- 1 Xefe de brigada
- 3 Peóns de Brigada

**Segundo.-** Abrir un novo período de presentación de instancias, durante un prazo de **TRES DÍAS HÁBILES**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente Resolución de Alcaldía na páxina web e no Taboleiro de Anuncios do concello.

**Terceiro.-** Ratificar as bases de selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, para a cobertura de efectivos de Brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais para este ano 2022 e aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local, reunida en sesión extraordinaria, con data 17 xuño de 2022, en todo o relativo ó desenvolvemento do presente proceso selectivo

**Cuarto.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.concellopereiro.com](http://www.concellopereiro.com)).

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 do 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.





# CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Así o acorda o Sr. alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como secretario – Interventor dou fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O alcalde,  
Luís Menor Pérez

O secretario – interventor,  
José Antonio Cerdeira Pérez

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

**DECRETO**  
Número: 2022-0017 Data: 26/07/2022



Cod. Validación: 6TXKW4C4YG9HW6QPXEESJAW7 | Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3